

DECRETO CONVOCATORIA XGL - EXP. Nº: 2026/G005/000036.

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **luns, día 17 de agosto de 2026, ás 10.00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1/337 APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13 DE XULLO DE 2026 (2026/G004/000520).

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO

LICENZAS URBANÍSTICAS

2/338 LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO PARA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES NA RÚA CIDADE DE VIVEIRO, NÚMEROS 9-11-13-15 E RÚA ISAAC DÍAZ PARDO, NÚMEROS 22-24-26-28-30.

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3/339 CONTRATACIÓN DA CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL SOBRE A RONDA DA REPÚBLICA ARXENTINA. EXP. REF. 2026/C002/000001. ADXUDICACIÓN.

4/340 CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN NO CONCELLO DE LUGO DO FESTIVAL 'CAUDAL FEST 2026'. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS, ASÍ COMO O GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN. EXP. REF. 2026/C005/000006.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26decreto058

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-8-2026

O que se comunicará aos membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, na Secretaría Xeral.

Ao abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao interventor xeral municipal.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 16.6 do ROMGA, convóquese á concelleira dona María Reigosa Castro.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ao disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.